



GUÍA PARA A UNIVERSIDADE DENDE ACONDICIONAMENTO FÍSICO

CURSO 2025-26

Índice

1. Condicións de acceso á Universidade dende ciclo superior	2
2. Organización da ABAU	2
2.1. A parte voluntaria.....	2
2.1.1. Características xerais:	2
2.1.2. Materias ás que presentarse.....	3
2.1.3. Que materias escollo?	3
3. Cálculo das notas da PAU.....	3
3.1. Corrección das probas (NOVIDADE).....	4
4. Convocatorias da PAU	4
5. Reclamación de notas da PAU	5
6. Enlaces de interese sobre a PAU.....	5
7. Probas específicas de acceso	6
8. Ciencias da Actividade Física e do Deporte en Galicia	6
8.1. Notas de corte	7
8.2. Validacións ciclo – grao	8
9. Nerta	8
10. Beca MEFP.....	8
11. Aloxamentos	9
11.1. Residencias de estudantes.....	9
12. Contactos	9

1. Condicións de acceso á Universidade dende ciclo superior

A. Termos a ter en conta:

- Acceso: refírese aos requisitos para ingresar na universidade. A nota é fixa e non varía dunha universidade a outra.
→ No voso caso sería a **media do ciclo**.
- Admisión: fai referencia a conseguir o acceso a un grao determinado nunha universidade particular. A nota pode ser igual que a de acceso ou mellor (incluíndo os exames da parte voluntaria da ABAU para subir nota). **NOVIDADE**: Vale para a convocatoria do curso en que se superou e para 2 cursos máis, é dicir, 3 anos. (Antes eran 2).
→ No voso caso sería a media do ciclo + nota das materias que realicedes na parte voluntaria da PAU.
- Nota de corte: é a nota de admisión do último solicitante que se matriculou nun grao e universidade determinada. Pode variar curso a curso.

B. Requisitos de acceso á universidade

Para acceder a un grao universitario dende a FP, existe un único requisito: ter superado un ciclo de grao superior.

2. Organización da PAU

Dúas fases: parte obrigatoria e parte voluntaria.

→ Vós unicamente teríades que facer a parte voluntaria.

A parte voluntaria emprégase para subir nota (ata un máximo de 4 puntos na nota de admisión).

2.1. A parte voluntaria

2.1.1. Características xerais:

- Probas escritas. Unha única proposta con varias preguntas (haberá preguntas obrigatorias e preguntas con opción de resposta).
- Duración: 90 minutos
- Intervalo de 30 minutos entre o final dun exercicio e o comezo do seguinte.
- Idiomas: poderedes responder en galego ou en castelán.

- Materias sobre as que examinarse: **indicalo na solicitude de matrícula. *Moi importante que a matrícula esté correcta, unha vez alí non se poderá corrixir.***

2.1.2. Materias ás que presentarse

Todas versan sobre 2º de bacharelato. Estamos nunha etapa de cambios.

Podedes consultar as materias na páxina da CIUG ou na táboa do horario, onde veñen todas.

[HORARIO PAU 2025](#)

[TÁBOA PONDERACIÓNS 2026](#)

2.1.3. Que materias escollo?

Materias que corresponden, en xeral, coa rama de coñecemento onde se inscribe a titulación que vos interesa. Concretamente, as que ponderan 0,1 ou 0,2.

Convén escoller as materias que ponderan 0,2. Se sacades un 5, xa sumariades 1 punto. O mesmo que sacando un 10 nunha materia que pondere 0,1.

→ **Para CAFyD (rama Ciencias Xurídicas e Sociais), ponderan as seguintes materias:** Artes escénicas II (0,2), Bioloxía (0,2), Empresa e deseño de modelos de negocio (0,2), Física (0,2), Grego II (0,1), Historia da arte (0,1), Latín II (0,1), Matemáticas II (0,2), Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais (0,2), Química (0,2), Xeografía (0,2), 2ª lingua estranxeira II (0,2).

3. Cálculo das notas da PAU

A cualificación dos exames van de 0 a 10, sendo un 5 o mínimo para mellorar a nota de acceso. A nota incluírá dúas cifras decimais.

As notas acadadas multiplícanse por 0,1 ou 0,2 seguindo as táboas de ponderación.

Estes resultados súmanse á media do ciclo.

Lembrede que as notas destes exames, serán válidas para o curso 25-26, 26-27, 27-28.

→ Exemplo de cálculo da nota para CAFyD:

Supoñamos que tedes un 8,7 de media no ciclo. Facedes os exames de:

Matemáticas Aplicadas (6,38), Economía e deseño de modelos de negocio (7,21) Grego II (8,69), Latín (8,12).

Contarían as materias que máis nos benefician. Neste caso serían Matemáticas Aplicadas e Economía:

$8,7 + 6,38 \cdot 0,2 + 7,21 \cdot 0,2 = 11,42$ sería a nota coa que accederíades.

Convén presentarse á parte voluntaria? SEMPRESÍ. As notas de corte poden flutuar dun ano a outro, o mellor é asegurarse. No voso caso, estudar sobre as materias de 2º de bacharelato é un esforzo extra, pero pensade que cun 5 xustifíño podedes subir moito a vosa nota de admisión e aseguravos ir á universidade e grao que queredes.

3.1. Corrección das probas (NOVIDADE)

- **Corrección gramatical, léxica e presentación:** 10% en todas as materias
- **Corrección ortográfica:**
 - 20% nas linguas oficiais (se non ides á fase obrigatoria, non vos afecta)
 - 15% nas linguas estranxeiras
 - 10% nas demais materias

4. Convocatorias da PAU

Non hai límite de convocatorias para superala. Cada ano celébranse dúas convocatorias: ordinaria (xuño) e extraordinaria (xullo).

Convocatorias para o curso 2025:

- **Ordinaria: 3, 4 e 5 de xuño.**

- **Extraordinaria: 1, 2, 3 de xullo.**

Podedes presentarvos á ordinaria e á extraordinaria para mellorar as cualificacións. Sempre se terá en conta a nota máis alta.

OLLO! Podedes repetir as probas na convocatoria extraordinaria para subir nota, pero non teredes prioridade para entrar nese ano sobre os da convocatoria ordinaria que xa foran admitidos e matriculados. Pensade que hai graos que xa pechan as prazas so coa convocatoria ordinaria.

A matrícula que fagades para a ordinaria non serve para a extraordinaria. **Para cada convocatoria deberedes formalizar unha nova matrícula e pagar as taxas correspondentes.**

A matrícula ordinaria realizarase no centro educativo **do 21 ao 22 de maio.**

A matrícula extraordinaria, **do 10 ao 17 de xuño.**

IMPORTANTE!

Unha vez aprobados os módulos, debedes pasar por secretaría do instituto, onde o persoal administrativo pasará os datos de XADE a **NERTA**. Unha vez feito isto, ao voso correo email chegará un enlace de NERTA, onde faredes a matrícula **do 2 ao 21 de maio.**

Cando rematedes a FCT, debedes solicitar o título e enviar a seguinte documentación ao LERD de Vigo (sie@uvigo.gal):

- Fotocopia DNI
- Impreso de matrícula xerado por Nerta asinado, no que conste o xustificante de aboamento das taxas.
- Xustificante vixente de exención de taxas, se procede.

5. Reclamación de notas da PAU

NOVIDADE: CAMBIO NO PROCESO DE REVISIÓN DE CUALIFICACIÓN

Unha vez publicadas as notas, contaredes con **3 días** para presentar unha solicitude de revisión. Esta revisión solicítase a través da **app Nerta**, empregando o código de acceso.

- **1º:** Analizarase se houbo algún erro “superficial” na corrección (preguntas sen corrixir ou erros nas sumas). No caso de existir, modificarase a cualificación (identificada como P) soamente se resulta unha cualificación superior.
 - **2º:** Realizarase unha segunda corrección por un novo corrector/a especialista, distinto ao da primeira. Se esta corrección (identificada como S), ten unha diferenza < 2 puntos con P, a cualificación definitiva será a media aritmética $(S+P)/2$.
 - **3º:** Se a diferenza entre S e P é >2puntos, dúas persoas distintas das anteriores efectuarán unha terceira corrección. Neste caso a cualificación definitiva será a consensuada por estas dúas persoas.
- ➔ Ademais, podes ver aqueles exames dos que solicitas a revisión. Debes solicitar que exames desexar ver despois do proceso de revisión presentando a solicitude no LERD nas datas indicadas na convocatoria correspondente.

6. Enlaces de interese sobre a PAU

[Protocolo PAU 2026](#): describe as normas básicas que debedes ter en conta: que debedes levar, dispositivos prohibidos, etiquetas adhesivas de identificación... **REVISÁDEO, É MOI IMPORTANTE!**

[Ponderacións 2026](#): táboas de ponderacións onde podedes consultar as materias que vos interesen.

[Modelos de exames](#): revisádeos cada pouco, xa que hai actualizacións!

[Preguntas frecuentes PAU](#): moi útil, responde a case todo o que se vos poida ocorrer.

[Preguntas frecuentes ACCESO](#): moi útil.

[Vídeo explicativo da ABAU](#): feito pola CIUG.

7. Probas específicas de acceso

Para o acceso ao grao é necesario realizar unhas probas específicas. As probas da UVIGO e a UDC valerán para ambas universidades.

PENDENTE PUBLICAR, INFO DO CURSO PASADO

UDC: [Convocatoria probas UDC](#)

Prazos de matrícula:

- **Oportunidade do 26 de abril de 2024** inscrición ata ás 14.00 do 25/03/2025.
- **Oportunidade do 16 de xuño:** dende o 08/05/2025 ata as 14.00 do 28/05/2025.

Se non superades a proba en abril, podedes presentarvos en xuño, pero requerirá unha nova inscrición.

Taxas: 63.67€ + 6€ de seguro.

Lugar: Facultade de Ciencias do Deporte e da Actividade Física da UDC, Avd. Ernesto Che Guevara, 121, 15179, Oleiros.

Descrición das probas:

Consistirá en la realización de 3 pruebas de aptitud para la actividad física y el deporte, con unas puntuaciones A y B, conforme al baremo que recoge el Anexo I de esta convocatoria y siguiendo la orden que se especifica a continuación:

Bloque 1: Prueba de adaptación al medio acuático

Bloque 2: Elegir una entre las tres siguientes:

- Prueba de agilidad en el suelo
- Prueba de carrera de obstáculos
- Prueba de agilidad con el balón

Bloque 3: Prueba de resistencia cíclica

Obrigatoriamente hai que realizar a proba de adaptación ao medio acuático e resistencia cíclica, elixindo no momento da inscrición unha do bloque 2. Para conseguir o apto, é necesario aprobar dúas das probas.

Inscrición e información sobre as probas

Cubrir formulario online: [Toda a información aquí](#)

[Reglamento probas específicas](#)

[Vídeo explicativo das probas](#)

UVIGO: toda a información aquí

Acceso á convocatoria. Nela atoparedes enlaces con acceso a toda a información que precisades.

Poden presentarse solicitudes ata o **4 de abril**.

Taxas: 63.67€ + 8€ de seguro. Revisade non obstante a táboa para saber se sodes beneficiarios doutras opcións (por exemplo, familia numerosa).

Lugar: instalacións deportivas da FCCED (Campus de Pontevedra, A Xunqueira, s/n 36005), excepto as probas de natación que terán lugar na piscina do Centro Gallego de Tecnificación Deportiva (Estadio de la Juventud).

Presentación de solicitudes		do 3 de marzo ao 4 de abril
Publicacións de listaxes de solicitudes admitidas e excluídas e reclamacións:		
Listaxes provisionais		22 de abril
Reclamacións ás listaxes provisionais		do 23 ao 30 de abril
Listaxes definitivas		6 de maio
Realización das probas físicas:		
1ª data		15 de maio
2ª data		10 de xuño
Publicación de listaxes de persoas aptas, non aptas e non presentadas e reclamacións:		
Listaxes provisionais	da 1ª data: 15 de maio (no lugar das probas) e 16 de maio (no taboleiro electrónico) da 2ª data: 10 de xuño (no lugar das probas) e 11 de xuño (no taboleiro electrónico)	
Reclamación ás listaxes provisionais		da 1ª data: 16 de maio da 2ª data: 11 de xuño
Listaxes definitivas		da 1ª data: 21 de maio da 2ª data: 18 de xuño

8. Ciencias da Actividade Física e do Deporte en Galicia

En Galicia existen dous campus nos que podemos estudar este grao. Na Universidade da Coruña (**campus da Coruña - Oleiros**) e na Universidade de Vigo (**campus de Pontevedra**).

8.1. Notas de corte

Notas de corte curso 25-26:

- **Pontevedra: 9,480 (ordinaria)**
- **A Coruña: 10,070 (ordinaria)**

NOTAS DE CORTE ANOS ANTERIORES		
	PONTEVEDRA	A CORUÑA
24-25	9,966 (ordinaria)	10,220 (ordinaria)
23-24	9,410	9,740
22-23	10,220	10,234
21-22	10,470	10,780
20-21	9,950	10,168
19-20	8,500	8,766
18-19	8,406	8,700

8.2. Validacións ciclo – grao

Tedes dereito a validar materias do grao xustificando con módulos do ciclo.

Facultade de Ciencias do deporte e Educación física

Grao en Ciencias da actividade física e do deporte

Ciclos de grao superior do plan de estudos LOE	Tipo de materia	Materia e créditos recoñecidos	ECTS
Acondicionamento físico	Obrigatoria	Expresión Corporal e Danza	6
		Teoría e Práctica do Exercicio	6
	Optativa	Actividades Acuáticas Saudables e Socorrismo	6
		Avances no Adestramento de Forza e Resistencia	6
		Creación e Dirección de Empresas Deportivas	6

Podedes consultar as diferentes validacións no seguinte documento (última actualización do mesmo no 2022): [Validacións módulos-graos universitarios](#)

Recoñecemento créditos UVigo

Consultando os plans de estudos da UDC e da UVigo, podedes ver en que curso e cuadrimestre se atopan as materias a validar. Os nomes non sempre son iguais, co que na secretaría da universidade habería que consultar a validación.

Planificación estudos UDC

Planificación estudos UVigo

OLLO: esta información é a que está publicada, pero temos constancia de que a realidade non é así... queda pendente a consulta coa secretaría das universidades.

9. Nerta

O procedemento de matrícula na universidade realízase a través dunha aplicación informática, **NERTA**.

Aquí dispomos do [Manual NERTA para o alumnado](#), non obstante, no momento de realizar os trámites podemos axudar dende o IES.

10. Beca MEFP

Información de interese en relación á beca do Ministerio (en base á convotaria do presente curso).

Acceso online: [beca estudos universitarios e non universitarios](#).

Art. 23: Número de créditos de matrícula:

Matricularse de 60 créditos (réxime de dedicación académica a tempo completo).

Ou entre 30 e 59 créditos (matrícula parcial), cumprindo os seguintes requisitos:

- Poderán obter beca de matrícula e cuantía variable mínima se aproban todos os créditos.

Para obter a beca no 1º curso, dependerá da nota do ciclo. Para o 2º curso e posteriores, teredes que superar o 90% dos créditos nos que esteades matriculados.

[Resumo das túas obrigas.](#)

11. Aloxamentos

11.1. Residencias de estudantes

Existen residencias de universitarios **públicas** que se adxudican en función dos requisitos económicos e académicos.

Universidade de A Coruña (Campus de Coruña): [Residencia Universitaria Pública Elvira Bao](#)

Os requisitos e prazos de convocatoria adoitan saír a **principios de xullo**. Habería que consultar o taboleiro de anuncios na páxina web da UDC.

Universidade de Vigo (Campus de Pontevedra): [Residencia de Estudantes Afundación](#)

Os prazos de convocatoria neste caso, adoitan saír en agosto. Tamén é necesario estar pendente da web da Uvigo.

Por outra banda, tamén existen aloxamentos privados (pendente actualización):

UDC: [listado aloxamento de estudantes UDC](#)

UVigo: [listado aloxamento de estudantes UVigo](#)

12. Contactos

[Podedes escribirme ao correo para o que precisades sempre.](#)

Se queredes que vos poña en contacto con algún profesor/a para preguntar sobre algunha materia, que vos abran a súa aula virtual...

Para calquera dúbida, suxestión ou crítica construtiva... Non dubidedes en buscarme ou mandarme un mail:

laura.blanco.seara@edu.xunta.gal